

Ordenanza fiscal núm. 3.A.2

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Artigo 1.º.–Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 r) do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Redundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo saneamento e depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 57 da citada norma legal.

Artigo 2.º.–Feito imponible.

1.–Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A utilización da rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constitúan a unidade de edificación.

b) A prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento.

2. Non estarán suxeitas a esta taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

Artigo 3.º.–Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. En todo caso, terán a consideración de suxeito pasivo, substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles que, de ser o caso, poderán repercutir as cotas pagadas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4.º.–Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.º.-Base imponible.

A base imponible da taxa por saneamento e depuración está constituída polo consumo de auga medido en metros cúbicos e dependendo do concepto de ingreso.

Artigo 6.º.-Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de **35,42 euros**.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de saneamento e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

3. O servizo de saneamento é a suma de dous servizos: da rede de sumidoiros e de depuración.

4. A tarifa do servizo da rede de sumidoiros aplicarase a todos os abonados que estean conectados á rede municipal de sumidoiros.

5. A tarifa de depuración sumarase á taxa da rede de sumidoiros para todos aqueles abonados que estean conectados a unha rede de sumidoiros que conduza os vertidos a un proceso de depuración.

6. As tarifas a aplicar son as seguintes:

Conceptos	Rede sumidoiros	de Depuración
A) Vivendas:		
Por cada m ³ facturado en abastecemento:	0,102647 €	0,222533 €
B) Por fincas e locais non dedicados exclusivamente a vivendas:		
Por cada m ³ facturado en abastecemento	0,103797 €	0,222533 €

C) Usuarios non dotados con auga do abastecemento municipal:		
Superficie de 100 m ² ou fracción. Por abonado e mes	1,563009 €	3,578721 €
D) No caso de industrias non dotadas con auga do abastecemento municipal ou que utilicen xunto coa auga da rede outra de distinta procedencia instalarán, ó seu cargo, sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. En caso de acordo entre abonado e concesionario se lle poderá practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar son as seguintes:		
Por cada m ³ medido ou aforado	0,103358 €	0,223492 €

7. En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

8. Acometidas:

A unidade de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubo de PVC de 160 mm/5 atm de diámetro, incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme, no seu caso, as como conexión a colector existente, para unha lonxitude media de 3 m:

Zanxa de terra: **356,17 euros/unidade**

Zanxa en asfalto: **397,59 euros/unidade**

Zanxa en beirarrúa: **446,69 euros/unidade**

Os prezos anteriores se verán gravados co IVE correspondente

Artigo 7.º.–Exencións e bonificacións.

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 8.º.–Devengo.

1. A presente taxa devéngase e nace a obriga de contribuír cando se inicia a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose esta:

a) A data de presentación da solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida da rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que se poida instruír para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais e da súa depuración teñen carácter de obrigatorio para todas aquelas fincas do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 100 metros e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 9.º.–Normas de xestión.

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique, unha vez rematado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo farase de oficio, unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos cós recibos de subministro e consumo de auga.

3. No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 10.º.–Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria.

Disposición adicional única.

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:

Texto íntegro publicado o 21/12/2007 no BOP nº 293

modificación publicada o 26/12/2008 no BOP nº 296

modificación publicada o 21/12/2009 no BOP nº 267

modificación publicada o 23/12/2010 no BOP nº 243

modificación publicada o 27/12/2011 no BOP nº 245

modificación publicada o 27/12/2012 no BOP nº 245

modificación publicada o 17/01/2013 no BOP nº 12